

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de Seguridade,
Contratación, Festas e
Xestión Municipal

Área de RRHH e Formación

Asunto: Rectificación de erros da resolución de aprobación de lista de admitidos e excluídos referida exclusivamente ao proceso de Oficial Desinfector/a, (persoal laboral, quenda libre equiparable a grupo C2).

Expediente administrativo: 46469/220

Obxecto: Oferta de Emprego Público 2020, 2021, 2022 (2ª fase)

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

I.- Por resolución da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 25/09/2025, resolveuse aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as dos procesos selectivos convocados na 2ª fase das Ofertas públicas de emprego 2020-2021-2022 do Concello de Vigo (excepto o proceso de auxiliar de administración xeral quenda libre e quenda libre diversidade funcional).

Por resolución da mesma concelleira de data 28/10/2025 resolvéronse os recursos de reposición contra a aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020-2021-2022 (2ª fase) (excepto o proceso de Auxiliar de administración xeral, quenda libre e quenda libre diversidade funcional)

II.- Apareciouse polo correspondente órgano de selección, de oficio, un erro na listaxe de admitidos e excluídos no proceso de OFICIAL DESINFECTOR/A referido á interesada con DNI ***9464**, que por erro aparece no listado definitivo por duplicidade de datos no proceso (consta igualmente o documento da propia interesada instando a exclusión) polo que procede rectificar a lista definitiva conforme ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procedéndose á súa publicación na web municipal e notificación ao interesado afectado.

III.- COMPETENCIA

É competente a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025) e delegación expresa da mesma Xunta de Goberno Local por acordo de data 04/08/2025.

Polo exposto, propónse ao órgano competente proposta do seguinte;

RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Rectificar o erro detectado no listado definitivo de persoas admitidas e excluídas do proceso de OFICIAL DESINFECTOR/A (persoal laboral equiparable ao subgrupo C2) pola quenda libre, da OEP 2020-2021-2022, aprobado por resolución da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 25/09/2025, e resolución de recursos de data 28/10/2025, referida exclusivamente ao listado de persoas admitidas no citado proceso, quedando trala rectificación oportuna, a seguinte listaxe de admitidos e excluídos con carácter definitivo do seguinte xeito:



Copia do documento - Concello de Vigo
46469-220

Data impresión: 23/12/2025 07:36 | Páxina 1 de 4
CSV: A2ACD4-EA875D-3A5HEE-LN2RM9-C8HGPG-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de Seguridade,
Contratación, Festas e
Xestión Municipal

Área de RRHH e Formación

OFICIAL DESINFECTOR/A
Laboral Fixo (C2)

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
FIGUEROA CAMESELLE	A.	***3378**	ADMITIDA/O
TORRES CEBALLOS	V. J.	***8497**	ADMITIDA/O (*)

CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

- (1) Por non asinar validamente a súa solicitude de admisión ás correspondentes probas selectivas.
 - (2) Por non acreditar a representación da persoa interesada de conformidade co artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
 - (3) Por non acreditar a súa identidade mediante copia simple do DNI/NIE con plena vixencia ou non autorizar expresamente a consulta automática dos datos do DNI/NIE.
 - (4) Por non presentar/asinar a declaración responsable nos termos establecidos na base xeral cuarta da convocatoria.
 - (5) Por non presentar o xustificante do pagamento dos dereitos de exame ou non acreditar o pago da taxa por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes.
 - (6) Por non ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto do Empregado Público (TREBEP).
 - (7) Por non acreditar o grao de discapacidade mediante certificado expedido ao efecto polos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, de ser o caso, da Comunidade Autónoma.
 - (8) Por non acreditar a compatibilidade do grao de discapacidade co posto de traballo ao que se solicita concorrer mediante certificado expedido para o efecto polos órganos competentes.
 - (9) Por non ser persoal municipal deste Concello, atoparse en situación administrativa de suspensión firme, ou non contar cunha antigüidade de cando menos 2 anos no corpo ou escala á que pertencen na data de presentación da solicitude.
 - (10) Por non presentar a súa solicitude por medios electrónicos tendo a condición de suxeitos obrigados a relacionarse coa administración por medios electrónicos, nos termos das previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e da vixente Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo.
 - (11) Por non presentar en prazo a solicitude (20 días naturais a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOE).
- (*) Non achega copia simple do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada proceso de selección indicado nas bases específicas, necesario para a exención da proba de galego.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non presupón que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os/as aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas (base xeral sexta).

Segundo.- Notificar ao interesado a presente resolución e proceder a súa publicación na web municipal para público coñecemento, indicando que contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Copia do documento - Concello de Vigo
46469-220

Data impresión: 23/12/2025 07:36 Páxina 2 de 4
CSV: A2ACD4-EA875D-3A5HEE-LN2RM9-C8HGPG-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de Seguridade,
Contratación, Festas e
Xestión Municipal

Área de RRHH e Formación

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O técnico de administración xeral.- Marcos Viturro Gómez

CONFORME.- A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez.

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez

DECRETO: vista a proposta realizada, **RESOLVO** de conformidade coa mesma

A concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025). Patricia Rodríguez Calviño.

DOU FE, a secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 07:36	Páxina 3 de 4
46469-220	CSV: A2ACD4-EA875D-3A5HEE-LN2RM9-C8HGPG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de Seguridade,
Contratación, Festas e
Xestión Municipal

Área de RRHH e Formación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 07:36

Páxina 4 de 4

46469-220

CSV: A2ACD4-EA875D-3A5HEE-LN2RM9-C8HGPG-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>